

TEMA 2. - ARTE ROMANA: COMENTARIO DO ACUEDUTO DE SEGOVIA

a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: Acueduto de Segovia. Edificio público de carácter civil da arte romana. Obra de enxeñaría. Época Imperial: Alto Imperio. Reinado do emperador Nerva. Finais do século I. Localización: Segovia (España). Material: granito, agás o specus¹ feito en cachotería.

c.- Analiza e comenta a obra: portos, faros, calzadas, pontes e acuedutos constitúen as grandes obras públicas de enxeñaría que reflicten claramente o espírito práctico dos romanos. As tres últimas son construcións orixinais romanas. Os acuedutos son obras arquitectónicas e de enxeñaría pois tiñan un evidente carácter utilitario: levar a auga desde lagos, mananciais ou ríos ata as cidades.

O Acueduto de Segovia é a obra cumio da enxeñaría romana en Hispania. Toma a auga do río Frío (a 18 km. de Segovia) e a conduce por medio dunha canle case sempre subterránea ata que os obstáculos do terreo facían que tivesen que colocala sobre arcos. Aproveitábanse os desniveis do terreo para que a auga tivese presión.



O acueduto en si ten unha lonxitude total de 728 metros e acada unha altura máxima na parte central de 28,5 metros: é polo tanto unha obra monumental, cun tamaño excesivo para unha cidade pequena; é un símbolo da grandeza e do poder de Roma e do emperador.


Presenta arcos de medio punto con lintel apoiados sobre grosos piares. Na parte superior sitúase o specus que estaba tapado con tellas de barro para evitar que a auga se ensuciara. Ao final do seu percorrido o acueduto baleiraba a auga en grandes depósitos que a distribuían por medio de canos de chumbo ou barro ás fontes públicas, ás termas e ás casas de xente rica que era a única que podía pagar polo servizo de auga corrente.

Está construído en granito, material pesado e caro, agás o specus feito con aparellos de cachotería; utiliza perpiaños unidos a presión en seco (sen argamasa) e moi ben labrados, conferíndolle á obra grande elegancia e refinamento.

¹ Canle

Divídese en catro aliñacións: as tres primeiras teñen un único piso, a cuarta aliñación é unha construción en altura de dous pisos: os arcos do piso superior teñen sempre a mesma altura e no inferior a altura varía para adaptarse ás irregularidades do terreo. Na parte central

presenta o aspecto dun grande arco de triunfo: enriba do primeiro piso hai un remate en forma rectangular que lembra os áticos² dos arcos de triunfo; sobre el, no piar central, ábrense dous nichos: nun sitúase a imaxe de Hércules (como fundador da cidade) e no outro a estatua do emperador.



O Acueduto de Segovia é unha obra funcional pero é tamén o acueduto máis perfecto e fermoso dos construídos polos romanos, demostrando que tamén lles preocupa a beleza: os perpiaños ben labrados, a proporción da construción, a combinación rítmica da verticalidade e a horizontalidade, dos arcos curvos (que producen sensación de dinamismo) e dos linteis rectos (que producen sensación de estatismo).



² Remate dos arcos de triunfo. Case sempre teñen forma rectangular